



As coplas de antroido viaxan no tempo

Henrique Neira

Haberá xa uns vinte anos que anoto coplas tradicionais, refráns, lendas e contos que escoito de xente da Ulla, fundamentalmente familiares. En particular intereseime nas coplas: unha copla, como é ben sabido, é unha “composición poética, polo xeral de catro versos, para ser cantada”, tal como resume o *Diccionario da Real Academia Galega* do 1997.

Como composicións de carácter popular, son un elemento ben antigo do Antroido da Ulla e moitas delas conteñen referencias a distintos lugares destas terras. Algunhas son tamén propias das celebracións do Nadal. Hainas que teñen rima en tódolos seus versos e outras nada máis rima asonante nos pares. Algunhas das que escoitei viñan acompañadas da súa música e outras paréceme que foron pensadas para usar nos atranques dos xenerais da Ulla –esas loitas dialécticas nas que cada xeneral busca se-lo máis orixinal– ou en regueifas. Unha regueifa, e recorreremos ó mesmo dicionario, é unha “disputa dialéctica improvisada e en verso entre os asistentes a unha voda e, por extensión, en calquera outra circunstancia”.

Nalgunhas ocasións pensei que sería interesante saber canto tempo levan circulando de boca en boca. Con todo, polo seu carácter popular e a súa transmisión oral, semella case imposible sabelo, a

non ser que contemos con testemuños escritos que nos indiquen algo ó respecto. E hainos: no ano 1992 o filólogo e investigador Domingo Blanco Pérez publicou en Edicións Xerais de Galicia dous tomos sobre *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*. Blanco peneirou numerosos libros e publicacións na busca dos máis antigos testemuños escritos de poesías galegas, unha gran parte das cales son coplas.

Comparando as que el atopou coas que eu anotara decateime de que hai versos coincidentes nun feixe delas, algúns deles figuraban en coplas postas por escrito hai máis de douscentos anos, e en particular hai moitas semellanzas nas recollidas polo escritor de Vilancosta (Berres) Marcial Valladares Núñez, a partir de 1867.

Quixen neste texto amosar algunhas das compiladas por Blanco, indicando o nome da persoa que a recolleu orixinalmente e a data. Poño sempre a máis antiga das que recolle el para cada serie, aínda que en moitos casos hai varias semellantes, para comparalas coas que eu escoitei de varias persoas naturais do concello de Vedra. A maioría delas fóronme transmitidas por Eugenia, Josefina e María Pereira, Jesús Neira, Mercedes Neira, Benigna Parada e Jesús Lobato. En ocasións a coincidencia dáse nada máis nun verso e outras veces son varios os que coinciden, pero aínda que sexa soamente un, penso que xa é abondo para demostrar que unha copla ten unha orixe ben antiga. É máis, o normal en moitas coplas é que existan múltiples variantes. Debía ser coma un xogo: eu dígoche unha copla e ti colles un ou varios versos e fas outra nova para continuala ou para retrucar. É de salientar tamén que as coplas que se asemellan non sempre son da Ulla como é o caso das que recollera Marcial Valladares, tamén as hai por exemplo da Amaía, de Chantada e doutras partes de Galicia, en moitos casos os autores consultados por Domingo Blanco indicaban o lugar de procedencia.

Velaí van algunhas mostras. Na columna da esquerda figuran as coplas recollidas por distintos autores e o ano no que as puxeron por escrito –para máis datos basta con consultar eses dous volumes–, e

na da dereita as que recollín eu nestes últimos anos. Teño algunhas coplas máis das que non atopei equivalentes antigos, ou nas que as semellanzas son menores, pódense ver en www.valdoulla.com por se a alguén lle interesa lelas.

Serie "A miña muller é vella"

<p>López de la Vega, 1864</p> <p>A miña muller é vella, de vella non pode andar; heina de pór de cancela no portelo do lugar.</p>	<p>A miña muller é vella, de vella non sobe á cama. Arriba muller arriba, malo varrizo te varra.</p> <p>A miña muller é vella e enterreina no arroio. Cando paso por alí sempre lle chisco de ollo.</p> <p>A miña muller é vella e enterreina nun palleiro. Deixeille as manciñas fóra para toca-lo pandeiro.</p>
---	---

Serie "A muller de Roquetroque"

<p>López de la Vega, 1863</p> <p>A muller de Roquetroque non ten faldra na camisa; si llo sabe Roquetroque non se ha de ter coa risa.</p>	<p>A muller de Roque Troque non ten faldra nin camisa. Se llo sabe Roque Troque halle de pega-la risa.</p> <p>A muller de Roque Troque ten un burato no cu que llo fixeron os ratos pensando que era pan cru.</p>
---	---

Serie "A raíz do Toxo verde"

<p>Marcial Valladares Núñez, 1867</p> <p>A raíz do toxo verde é moi dura d'arrigar. Os amores xa de tempo mal se poden olvidar.</p>	<p>A raíz do toxo verde é moi mala de arrincar. Os amoríños primeiros son moi malos de olvidar.</p>
--	---

Serie "Airiños airiños aires"

<p>Frei Juan Sobreira, 1794</p> <p>Airiños, airiños, aires, airiños da miña terra, airiños, airiños, aires, airiños levaime a ela.</p>	<p>Airiños airiños aires, airiños da miña terra. Airiños airiños aires, airiños levame a ela.</p>
---	---

Serie "Andivéchet'alabando"

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>Andivéchet'alabando de sabe-lo meu intento; meu peito non ten ventanas, para ouserva-lo qu'hai dentro.</p>	<p>Anduvécheeste alabando, que te quería y te quiero. Ahora te alabarás, que te quería y te deixo.</p>
--	--

Serie "Arredor do río arriba"

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>Arredor do río arriba oín cantar e chorei, oín a pasión de Cristo; con ela me consolei.</p>	<p>Arredor do río arriba non hai varas que cortar. Estes mocíños de aora todos se queren casar.</p>
---	---

Serie "Cando canto, canto..."

<p>Marcial Valladares Núñez, 1867</p> <p>Cando canto, cánto rabias; quen mas oi, ben mas entende; doume Dios a habilidá de comprar a quen me vende.</p>	<p>Cando canto, canto rabias, quen mas oe ben mas comprende. Doume Dios a habilidá pra comprar a quen me vende.</p> <p>Cando canto, canto ben, quen me oe ben me comprende. Doume Dios a habilidá pra comprar a quen me vende.</p> <p>Cando canto, canto rabias, cando río moito máis, hei de cantar e bailar por te facer rabiar máis.</p>
--	---

Serie "Canta rula, canta rula"

<p>Frei Juan Sobreira, 1790</p> <p>Canta rola, canta rola, canta rola, naquel souto; coitadiño do que espera polo que está na man doutro.</p>	<p>Canta rula, canta rula, canta rula naquel souto. O que espera desespera polo que está na man doutro.</p>
--	---

Serie "Cantámosche os reis"

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>Cantámosche os Reis, guedellos de cabra, cantámosche os Reis, e non nos dás nada.</p>	<p>Cantámosche os Reises, perniñas de cabra, cantámosche os Reises e non nos deches nada.</p>
---	---

Serie "Carballeira de San xusto"

<p>Luís Tobío Campos, 1880</p> <p>Carballeira de San Xusto, carballeira derramada; naquela carballeiriña perdín a miña navalla.</p>	<p>Carballeira de San Xusto, carballeira derramada; naquela carballeiriña perdín a miña navalla.</p>
--	--

Serie "Casadiña de tres días"

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>– Casadiña de tres días ¿quen che levou o color? – Nin casada nin solteira nunca cho tuven mellor.</p>	<p>Casadiña de tres días xa levaches unha tunda. Se cho saben as solteiras non se che casa ningunha.</p>
---	--

Serie "Crouco rapado"

<p>Marcial Valladares Núñez, 1884</p> <p>Crouco rapado foi polo río, caíull'a pucha, morríu de frío.</p>	<p>Croucho Pelado foi ó muíño, perdeu a pucha e morreu de frío. Morreu de frío, quedou estirado, ó pé do río Croucho Pelado.</p>
---	--

Serie "Debaixo do lavadoiro"

<p>Luis Tobío Campos, 1880</p> <p>Debaixo do lavadoiro donde Maripepa lava, topei un anillo d'ouro nunha mazán colorada.</p> <p>José Casal y Lois, 1884</p> <p>Debaixo do lavadoiro donde María lavaba, había unha sementiña que Manoeliño apañaba.</p>	<p>Debaixo do lavadoiro onde María lavaba, atopei un anillo de ouro e unha mazán colorada.</p>
---	--

Serie "Este pandeiro que toco"

<p>López de la Vega, 1863</p> <p>Este pandeiro que toco era de coiro d'ovella; onte pacía no monte, hoxe toca que rabea.</p>	<p>Este pandeiro que toco é de pelica de ovella. Índa onte comeu herba, hoxe toca que arrabea.</p>
---	--

Serie “Estrelliña do luceiro”

<p>López de la Vega, 1863</p> <p>Estrelliña do luceiro, dáme a túa craridade: quérolle seguir os pasos ó meu galán que se vaie.</p>	<p>Estrelliña do luceiro, estrella da claridá. Vaise o día, vaise a noite, váisenos a moxedá.</p> <p>Estrelliña do luceiro, estrella da claridá. Vaise o día, vaise a noite, váise a nosa moxedá.</p>
---	---

Serie “Eu cantar cantaba ben”

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Eu cantar, cantaba ben; gracia xa non teño moita; quedoume no lavadoiro cando vou mollar a roupa.</p>	<p>Eu cantar cantaba ben, a gracia non era moita: quedoume no lavadoiro cando fun lava-la roupa.</p>
---	--

Serie “Eu caseime cun velliño”

<p>Marcial Valladares, 1867</p> <p>Eu caseime cun velliño por decir que tiña home. Válgate Xúnca-lo vello, que siquera á cama sobe.</p>	<p>Eu caseime cun velliño porque tiña moito gando. Ahora o gando morreu, o velliño foi quedando.</p>
---	--

Serie “Eu quería me casar”

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Eu quería me casar, miña nai non me deixou; ahora vou por soldado: boa muller me buscou.</p>	<p>Eu quería me casar, miña nai dime que é cedo. Ela como está casada, non sabe as ganas que eu teño.</p> <p>Eu quería me casar, miña nai dime que é cedo. Eu por me casar perdo canto teño.</p> <p>- Eu quería me casar; miña nai, non teño roupa. - Casa miña filla casa, unha perna tapa a outra.</p>
--	--

	- Eu quería casar; miña nai, non teño dote. Ela como non tiña, pagoume cunha galiña.
--	---

Serie "Gracias a dios..."

José Casal y Lois, 1869 Gracias a Dios que podemos hoxe dous netos botar; que se sinten hox'os cartos na faltriqueira cantar.	Gracias a Dios que hoxe comemos catro panciños e cinco debemos.
---	--

Serie "Heicho de dar queridiña"

López de la Vega, 1864 Heicho de dar, queridiña, heicho de dar que o teño: heicho de dar queridiña, o anillo do meu dedo.	Heicho de dar, queridiña, heicho de dar que o teño: heicho de dar queridiña, o anillo do meu dedo.
---	---

Serie "Hoxe luns, mañana martes"

Manuel Milà y Fontanals, 1877 Hoxe luns, mañana martes corta feira logo vén; de mañana en oito días é a semana que vén.	Hoxe é lunes, mañán é martes, corta feira logo vén, de mañán en oito días é a semana que vén.
---	--

Serie "Indo eu non sei por donde"

López de la Vega, 1864 Indo eu non sei por donde, encontrei non sei con quen na porta de... xa me esquence; non llo digas a ninguén.	Indo non sei pa donde encontrei non sei que santo, pregunteille non sei que e contestoume non sei canto.
--	---

Serie "Indo pra Santiago"

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Indo para Santiago doux'a morte no camiño; deixei dito m'enterrasen nunha bodega de viño.</p>	<p>Indo pra Santiago dou a volta o meu capote. Acordáronme as nenas e mailas papas do pote.</p> <p>Indo pra Santiago escurripei nunha cereixa. Escurripado que sea quen no camiño ma deixa. Indo pra Santiago na Taberna do Salgueiro, díxenlle a un vello meu sogro, e saleume verdadeiro.</p>
---	---

Serie "Manoliño foi ó viño"

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Manueliño foi ó viño, rompeu o xarro no camiño: mal polo xarro, mal polo viño, mal polo cu de Manueliño.</p>	<p>Manoliño foi ó viño, perdeu o xerro no camiño. Mal do xerro, mal do viño, mal do cu de Manoliño.</p> <p>Manoliño foi ó viño, rompeu o xerro no camiño. Mal do xerro, mal do viño, mal do cu de Manoliño.</p>
--	---

Serie "Manuel Manueliño"

<p>López de la Vega, 1864</p> <p>Manüel, Manüeliño, Manüel feito de cera. ¡Quen me dera ser o lume que a Manüel derretera!</p>	<p>Manuel Manueliño, ollo de millo miúdo. Andas enganando as nenas de noite no escuro.</p>
--	--

Serie "Maruxiña do Portelo"

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>Maruxiña do Portelo, a túa nai xa llo dixen, a teu pai téñolle medo.</p>	<p>Maruxiña do portelo, a do refaixo marelo. A túa nai xa llo dixen, a teu pai téñolle medo.</p>
---	--

Serie “Marzo espigarzo”

<p>Frei Juan Sobreira, c. 1790</p> <p>Marzo espigarzo, abril pendoril, maio granado, San Xoan segado, Santa Mariña á airiña.</p>	<p>Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, San Xoán curado e pola Santa Mariña metelo na arquiña*. *O trigo e mailo centeo.</p>
--	--

Serie “Miña nai, miña naiciña”

<p>José Leite de Vasconcellos, 1843-1866</p> <p>Miña nai, miña naiciña, non diga nada a meu pai: este foi un brinqueño: o que se foi, ¡xa alá vai!</p>	<p>Miña nai, miña naiciña, como a miña non hai ningunha, que me quentaba a cariña co calorciño da súa.</p> <p>Miña nai, miña naiciña como miña nai ningunha. Lávame a miña camisa dentro da manga da súa.</p>
--	---

Serie “Miña nai e maila túa”

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>Miña nai e maila túa as dúas van na romaría, a túa leva zapatos, a miña leva mantilla.</p>	<p>Miña nai e maila túa van xuntas á romería. A miña vai de capote, a túa vai de mantilla. Túa nai e maila miña van xuntas á romería. A túa como é larpeira comeulle todo á miña.</p> <p>Miña nai e maila túa quedan no río berrando, por culpa dunha galiña que tiña amores cun galo.</p> <p>Miña nai e maila túa van xuntas na romería mala morte mate a túa que a miña se volvía.</p>
---	--

Serie "Miña nai por me casar"

<p>Frei Juan Sobreira, c.1790</p> <p>Miña nai por me casar prometéome canto tiña, cuando foi a darm'o dote pagoume cunha galiña.</p>	<p>Miña nai por me casar ofreceume canto tiña. Aora que estou casada pagoume cunha galiña.</p> <p>Miña nai por me casar prometeume un lote de allos. Aora que me casei, quen quere allos, quen quere allos.</p>
--	---

Serie "Nena que vénde-las peras"

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>- Nena que vénde-las peras, ¿cantas che mandaron dar? - Para ti, meu galanciño, non mas mandaron contar.</p>	<p>- Nena, nena, que vénde-las peras ¿cantas che mandaron dar? - Pra ti meu queridiño non mas mandaron contar.</p>
---	--

Serie "Non te cases con ferreiro"

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>Non te cases con ferreiro, que ten moito que lavar. Cásate con mariñeiro, que vén lavado do mar.</p>	<p>Non te cases cun ferreiro, que é moi malo de lavare, cásate cun mariñeiro que vén lavado do mare</p> <p>Non te cases cun ferreiro que te queiman as muxicas. Cásate cun carpinteiro que che fai cousas bonitas.</p>
---	--

Serie "Nostra señora do Carmen"

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Nostra Señora do Carmen vai indo pola ribeira, collendo cuncha por cuncha e metendo na faltriqueira.</p>	<p>Nosa Señora do Carmen ela tamén foi muiñeira tiña a xesta de palma palanqueta de oliveira.</p>
--	---

Serie “O can, o can, o diaño do can”

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>O can, o can, o diaño do can Comeum’as cirolas do meu cirolar</p>	<p>O can, o can, o raio do can roelle as cirolas ó meu cirolán. Se llas roeu, deixarllas roer, que o meu cirolán cirolas ha ter.</p>
--	--

Serie “O cantar dos arrieiros”

<p>Juan Antonio Saco y Arce, 1881</p> <p>O cantar dos arrieiros é un cantar qu’ennemora, que ten a garganta doce de durmir de noite fóra.</p>	<p>O cantar do arrieiro é un cantar moi baixiño. Cantábano en Ribadavia oíase no Carballiño.</p>
---	--

Serie “O carballo da Rumuñña”

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>O carballo da Rumuñña ten a folla revirada. - ¿Quen lla revirou? – unha mañán de xiada.</p>	<p>O carballo da Retorta ten a folla revirada. O vento, que lla revirou o aire unha mañán de xiada.</p>
--	---

Serie “O cariño que ch’eu teño”

<p>Marcial Valladares, 1867</p> <p>O cariño que ch’eu teño no é para ter a outro: tódalas horas te vexo, todas me parecen pouco.</p>	<p>O cariño que che teño, mailo que che hei de ter, cabe na flor de toxo e aínda non a ha de encher.</p>
--	--

Serie “O corazón dunha pulga”

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>O corazón dunha pulga, quen o supera guisar; teño xantar e merenda e cena para cenar.</p>	<p>O corazón dunha pulga, quen o soupera guisar, tiña xantar e merenda e cena para cenar</p>
---	--

Serie "O muíño de meu pai"

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>O muíño de meu pai eu ben lle sei o tempero: cando está alto, baixalo, e cando se baixa, erguelo.</p>	<p>Ó muíño de meu pai eu ben lle sei o tempero: cando está alto baixalo e cando está baixo erguelo.</p>
---	---

Serie "O paxaro cando chove"

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>O paxaro, cando chove, mete o rabo na silveira: así fan as boas mozas cando non hai quen as queira.</p>	<p>O paxaro, cando chove, mete o rabo na silveira: Así fai a boa moza cando non ten quen a queira.</p>
---	--

Serie "Pasei pola túa porta"

<p>Marcial Valladares, 1867</p> <p>Pasei pola túa porta e, erguendo os ollos, te vin; non te poden decir nada; non sei como non morrín.</p>	<p>Pasei pola túa porta coma un perdigón cantando. Desvelo da túa vida que sempre me anda lembrando.</p> <p>Pasei pola túa porta, erguín os ollos e vin un letreiro que decía: "Eu para ti non nacín". Saqueei un e puxen outro: "Ti para min non naciches, eu para ti tampouco".</p> <p>Pasei pola túa porta e puxen a man no ferrollo. A ladra da túa nai meteume un pao polo ollo.</p>
--	---

Serie "Polo río abaixo vai"

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Polo río abaixo vai un gatiño dando berros, que lle tiran polo rabo as meniñas d'Asadelos.</p>	<p>Polo río abaixo vai unha troita de pé, corre que te corre, quen a podera coller. Quen a podera coller, quen a podera pescar, polo río abaixo vai unha troita de pé.</p>
---	--

Serie “Se queres que vaia e veña”

<p>López de la Vega, 1864</p> <p>Se queres que vaia e veña de noite polo lugar, manda cerrar a cadela, que non fai sinón ladrar.</p>	<p>- Se queres que vaia verte de noite polo lunar matara-la cadelina que non fai máis que ladrar. - A cadela non a mato que non teño outro can. Se non queres vir de noite vén mañán pola mañán.</p>
--	--

Serie “Se queres qu’o carro cante”

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>Se queres qu’o carro cante, bótall’o eixo no río; bótall’o eixo mollado, e darach’un asubío.</p>	<p>Se queres que o carro cante, bótalle o eixo no río e despois de ben mollado, canta como eu asubío.</p>
---	---

Serie “Unha noite me colleron”

<p>Marcial Valladares, 1869</p> <p>Unha noite me colleron nunha fiada de lan; unha noite me colleron; outra non me collerán.</p>	<p>Unha noite me colleron nunha fiada de lan; unha noite me colleron; outra non me collerán.</p>
--	--

Serie “Unha noite no muíño”

<p>López de la Vega, 1863</p> <p>Unha noite no muíño, unha noite non é nada; unha semana enteira, esa si que é muiñada.</p>	<p>Unha noite no muíño, unha noite non é nada. Unha semana enteira, esa si que é muiñada.</p>
---	---

Serie “Unha pera, dúas peras”

<p>José Casal y Lois, 1869</p> <p>Unha pera, dúas peras: non tuvo máis a pereira; unha para meu irmán, outra para a costureira.</p>	<p>Unha pera, dúas peras, non tiña máis a pereira. Unha era para min e a outra para a compañeira.</p>
---	---

Serie "Unha vella moi revella"

<p>López de la Vega, 1864</p> <p>Unha vella moi revella, máis vella có meu chapeu tratáronlle o casamento, levantou as maus ó ceu.</p>	<p>Unha vella máis ben vella, máis vella que o meu chapeu, tratáronlle o casamento e levantou as mans ó ceo.</p>
--	--

Serie "Veño da Virxen da Barca"

<p>Luís Tobío Campos, 1880</p> <p>Veño da Virxen da Barca, veño d'abala-la pedra; tamén vos veño de ver Santo Cristo de Fisterra.</p>	<p>Veño da Virxen da Barca, da Virxen da Barca veño. Veño de abala-la pedra, de abala-la pedra veño.</p>
---	--

Serie "Vinde ver o dote"

<p>López de la Vega, 1864</p> <p>Vinde ver o dote que me dou meu sogro: unha cabra cega e un carneiro tolo.</p>	<p>Vinde acá mulleres pícaros e todo vinde ve-lo dote que me deu meu sogro.</p> <p>Unha cabra cega con cabirto mono unha manta vella con remendo novo.</p>
---	--

Serie "Zapateiro correeiro"

<p>Luís Tobío Campos, 1880</p> <p>Zapateiro correeiro, dam'as miñas zapatillas, que non podó andar descalzo, que me pican as espiñas.</p>	<p>Zapateiro correeiro faimé as miñas zapatillas, que non podó andar descalza que me pico nas espicuriñas.</p>
---	--